

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH**

| | |
|---|-----------------------|
| Dirección do proxecto | |
| Nome: Miguel Yebra Ferro | |
| Enderezo electrónico: yebrama@gmail.com | Teléfono: 988 387 327 |
| Co-dirección do proxecto | |
| Nome: Julia de la Montaña Miguélez | |
| Enderezo electrónico: jmontana@uvigo.es | Teléfono: 988 387 079 |
| Co-dirección do proxecto | |
| Nome: Manuel Vidal López | |
| Enderezo electrónico: mvlopez@uvigo.es | Teléfono: 988 387 224 |
| Co-dirección do proxecto | |
| Bienio | 2019 - 2021 |
| Número de participantes (máx. 4) | |

Título

| |
|--|
| Estudo físico-químico e biolóxico da calidade da auga de diversos cursos de auga da provincia de Ourense. |
|--|

Resumo

| |
|---|
| <p>O proxecto de investigación consiste en coñecer a saúde e estado de conservación e dos cursos da auga da provincia de Ourense con diferentes graos de contaminación aparente así como a súa evolución ao longo do ano.</p> <p>Utilizarase a presenza/ausencia de determinados macroinvertebrados no substrato no leito do río e os resultados de diversos parámetros físico-químicos (temperatura, pH, nitratos, turbidez, velocidade da corrente, profundidade, anchura, sección e caudal) para coñecer o estado de saúde do río.</p> |
|---|

Obxectivo

| |
|--|
| <p>Este proxecto de investigación pretende iniciar ao alumnado en actividades de investigación cunha formación práctica en contidos de calidade de augas doces. Tamén pretende favorecer o seu pensamento crítico e creativo, o interese pola investigación e a capacidade de análise e reflexión, así como mellorar a súa competencia lingüística (tanto oral coma escrita) e a súa competencia de aprender a aprender.</p> |
|--|

Plan de traballo

PRIMEIRO ANO:

- Recollida de mostras (outono e primavera) de macroinvertebrados do leito do río e de análise de parámetros físico-químicos na cabeceira e próximo á desembocadura dun curso de auga próxima á cidade de Ourense (Barbaña ou Loña).
- Identificación mediante claves dicotómicas a nivel de familia dos macroinvertebrados presentes nas mostras.
- Elaboración de táboas de resultados dos parámetros físico-químicos analizados.

SEGUNDO ANO:

- Análise de resultados, elaboración de gráficos e figuras.
- Redacción memoria final.

Actividades complementarias

Actividades de proxecto:

- Técnicas de mostraxe en Limnoloxía.
- Técnicas de análise de parámetros físico-químicos.
- Utilización de claves dicotómicas.
- Identificación dos principais grupos de macroinvertebrados acuáticos.